



CAMPIONATO TERRITORIAL

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenvolverase en dúas fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

Primeira Fase: Os oito (8) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta.

2ª Fase ou Fase Final: A disputarán os equipos clasificados nos postos 1, 2º, 3º e 4º ao final da Primeira Fase, xunto cos equipos clasificados en 1º e 2 lugar da Primeira Fase do Campionato Territorial de Segunda División Xuvenil Feminina

Os 6 equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta.

O números para a elaboración do calendario da 2ª Fase ou Fase Final serán os seguintes:

- 1 1º Clasificado Primeira Fase
- 2 2º Clasificado Primeira Fase
- 3 3º Clasificado Primeira Fase
- 4 4º Clasificado Primeira Fase
- 5 Vencedor Eliminatoria 1 de 2ª División
- 6 Vencedor Eliminatoria 2 de 2ª División

DATAS DE CELEBRACIÓN

A Primeira Fase desenvolverase entre os días 16 de setembro de 2018 e 13 de xaneiro de 2019.

A 2ª Fase ou Fase Final desenvolverase entre os días 20 de xaneiro de 2019 e 24 de marzo de 2019.



EQUIPOS CLASIFICADOS PARA FASE ESTATAL

Accederá á Fase Estatal do Campionato Xuvenil Feminino o equipo clasificado en primeiro lugar desta Competición. Igualmente accederá o equipo clasificado en segundo lugar, sempre e cando, a Federación Galega conte con quince (15) equipos de categoría Xuvenil Feminina participando nas diferentes competicións da categoría.

O/Os equipo/s clasificados para disputar a Fase Estatal deberán ingresar a cantidade de **DOUSCENTOS** euros (200.- euros) na conta da Real Federación Española de Balonmán dentro da semana seguinte a data de finalización da Fase Territorial, seguindo co aprobado na Asemblea Xeral da RFEBM.

PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA XUvenil FEMININA NA TEMPADA 2019/20

Os seis equipos participantes na 2ª Fase ou Fase Final do Campionato Territorial de 1ª Autonómica Feminina adquiren o dereito a participar nesta categoría na tempada 2018/19, sempre e cando haxa mais de catorce (14) equipos inscritos nas competicións xuvenís femininas de ámbito territorial.

SEGUNDO TORNEO OFICIAL

Unha vez finalizada a Fase Territorial do Campionato de División de Honra Xuvenil Feminina os equipos, **de forma obrigatoria**, disputarán un segundo torneo oficial.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de División de Honra Xuvenil Feminina, complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.